

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 04 DE MAIO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de maio de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 27 de abril do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **Guillermo López Carballal, en representación de construcciones y excavaciones López Carballal, S.L**, con domicilio na rúa Lucía nº22 Francelos, no que solicita subvención para actuacións na área de renovación do Casco Histórico de Ribadavia para a rúa Salgado Moscoso nº19, 1º e 2º baixo cuberta, de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de renovación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2.- EXPEDIENTE 17/10/2003/5077-AC/798 DE MONTEKALAMÚA S.A.

“Visto o escrito de Don Daniel Franco Campaña en representación da empresa Montekalamúa S.A., onde solicita Licenza de apertura e entrada en funcionamento para a industria de conxelados.

Visto o informe do aparellador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 22 de abril do 2009 no que se fan as seguintes consideracións:

Girada visita a la fabrica el día 20 de abril de 2009 tengo a bien informar.

La fabrica se encuentra en funcionamiento.

Tomando como referencia los puntos que se relacionan en el Oficio del Sr. Alcalde Presidente de fecha 31 de marzo de 2009 R. S. N° 707, puntos que igualmente se corresponden como el Informe Técnico de 29 de noviembre de 2005.R. E. N°. 6054.

1. Respecto a dichos puntos tengo a bien informar.

1.1. *“El cierre de la parcela en sus alineaciones a los viales circundantes de la parcela, se situara a 3,30 metros según así consta en la Cartografía Oficial y Proyecto aprobado”.*

La posición del cierre en forma no reglamentaria, corresponde a la fachada principal que da al aparcamiento frontal. El cierre, en esta línea se sitúa a 4,72 metros cuando debería estar a 3,30 metros, actualmente en esta línea de 3,30 metros se situaron unos mojones o postes de hormigón que delimitan el terreno privado del de dominio publico o área de instalaciones comunitarias.

1.2. *“El ancho total de 3,30 metros corresponde al siguiente desglose, en el ancho correspondiente a la acera y el resto de la zona a un terreno por donde discurren las instalaciones, esta zona se rastrillará, realizadas las previas correcciones y enmiendas correspondientes, se plantará con césped. Reponiendo todas las tapas de instalaciones y servicios que discurren por la zona”.*

En el punto 2.1 del informe de 29 de noviembre de 2005, se indicaba la necesidad de preparar el terreno de la franja de instalaciones así como reponer las tapas de instalaciones, esto referente a todo el perímetro (Según reportajes fotográficos de 17/11/2005 y 15/04/2009). No se realizo lo indicado.

Ante los riesgos de accidente por descarga eléctrica o caída, se deberán corregir las deficiencias colocando las tapas que faltan y revisando los conductores eléctricos que sobresalen de su arqueta sin tapa.

1.3. *“No se podrá ocupar con ningún elemento constructivo la franja de instalaciones por ser zona comunitaria, por esto motivo se retiran los mástiles y su base”.*

Este punto corresponde al 2.3 del informe de 29 de noviembre de 2005, se retiran los mástiles de las banderas, pero se mantiene la base de hormigón, ocupando una superficie de 2,50 x 0,50 metros de terreno de dominio publico, ocupación que corresponde a la fachada respecto al vial n° 1.

- 1.4. *“Se repondrá la acera y bordillos deteriorados bien por fractura o astillado, reponiendo paños completos y las zonas menores con corte de maquina en el ancho total de la acera. En la calzada frontal se comprobó la existencia de un boquete por uso indebido de grúas o maquinaria pesada, previo a la reparación de este boquete se abrirá la zona, se señalizara adecuadamente, avisando a este servicio para poder girar visita de comprobación del alcance del hundimiento y poder establecer las medidas a adoptar para su reparación”.*

No se realizó ningún tipo de reparación y los deterioros actuales son mayores de los que se reflejaban a las fotografías de 17 de noviembre de 2005. En líneas generales el grado de mantenimiento de las zonas comunes es ineficaz, según se podrá apreciar en el reportaje fotográfico de 15 de abril de 2009, corresponde al punto 2.4 del informe de 29 de noviembre de 2005.

- 1.5. *“Los aseos de personal, se dotarán de agua caliente y ventilación”.*

Los aseos siguen sin disponer de agua caliente y la ventilación no es correcta al estar sin conectar al exterior, punto 2.5 del informe de 29 de noviembre de 2005.

- 1.6. *“Se mantendrán los huecos de ventilación de la planta de sótano a la fachada posterior, dotándolos de bastidor y tela mosquitera”.*

Esta exigencia se refería a la totalidad de los huecos de dicha planta, se monto una tela anti-pájaros y roedores sin bastidor y no en todos los huecos. Sanidad con mejor criterio decidirá lo que proceda sobre este u otros aspectos sanitarios.

- 1.7. *“Ventilación aljibe enterrado, se dotara el conducto de ventilación de tela mosquitera”.*

Se monto una tela anti-pájaros y roedores. Sanidad con mejor criterio decidirá lo que proceda.

- 1.8. *“Salida de emergencia en planta sótano, señalar y dotar de barras de apertura rápida (antipánico). Durante la jornada laboral, las puertas de emergencia deberán permanecer sin ningún tipo de enclavamiento”.*

Este punto esta resuelto.

- 1.9. *“Instalación de gas. En la zona posterior se construyó un recinto de 10,20 x 3,67 m y separado de la fachada 1,90, recinto donde se instalo un deposito aéreo de gas, se deberá tramitar como instalación específica y obtener las autorizaciones reglamentarias”.*

Según consta en los antecedentes administrativos fue aportado el preceptivo Proyecto de gas sin que consten los informes y autorizaciones de las administraciones especializadas.

Con fecha 14 de diciembre de 2005 se aportan dos ejemplares de un proyecto titulado “INSTALACIÓN DE DEPÓSITO AEREO DE GLP DE 8.334 LITROS DE CAPACIDAD E INSTALACIÓN RECEPTORA DE GAS PARA INDUSTRIA DE ULTRACONGELADOS” constando informe técnico de 16 de diciembre de 2005 y consecuentemente el punto 9 del oficio del Sr. Alcalde si fue cumplimentado por el administrado, sin que conste la resolución recaída (El punto 9 se corresponde con el 2.9 del informe técnico de 29 de noviembre de 2005).

2. Con fecha 18 de noviembre de 2005 RS N° 1099 se solicita informa a “Aqualia” sin que conste dicho informe entre la documentación existente.

3. Se adjunta con el presente informe.

3.1. Reportaje fotográfico.

3.2. Fotocopia oficio dirigido a “Aqualia”.

Visto o Informe Xurídico de data 30.04.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓN XURIDICAS

1º.- En relación coa solicitude feita por Don Daniel Franco Campaña en representación da empresa Montekalamúa S.A. de obtención de licencia de apertura e entrada en funcionamento en base ás revisións do art. 43 da lei de procedemento administrativo común deben ser analizadas dúas cuestións fundamentais de cara a comprobar se realmente se cumpren os requisitos legais para entender outorgada a licencia antedita mediante a institución do silencio administrativo positivo, sendo estas as seguintes:

- Requisitos materiais do silencio administrativo positivo.
- Requisitos formais que deben acreditarse

A- REQUISITOS MATERIAIS DO SILENCIO ADMINISTRATIVO POSITIVO. A este respecto debemos ter en conta as seguintes consideracións xurídicas:

a.1.- O art. 246.2 do TRLS 92 establecía en ningún caso se entenderían adquiridas por silencio administrativo licencias en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico. Así no ano 1992 se continuaba coa tradición xurídica da LS do 1976 de prevalecer o principio de legalidade urbanística sobre o de seguridade xurídica, sendo moi abundosa a xurisprudencia do tribunal supremo nesta materia e así entre outras poderíamos citar as seguintes STSS (STS 19/11/97, STS 15/12/99, STS 07/04/2000). Así a STS do 15/04/1997 establece o seguinte *“a obtención das licenzas por silencio require o cumprimento, non só dos requisitos formais que ó efecto se establezcan, senon tamén dos requisitos materiais ou sustantivos, no sentido de que a licenza debe*

ser conforme ó planeamento urbanístico pois, se así non fora, o feito de que se cumprira os prazos para obter aquela pola ficción do silencio positivo non sería suficiente e de nada serviría o cumprimento de ditas circunstancias temporais”.

a.2.- Coa entrada en vigor da Lei 4/99 modificadora do art. 43.2 da Lei 30/92, queda o artigo redactado do seguinte xeito *“os interesados poderán entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes en tódolos casos salvo que unha norma con rango de lei ou de dereito comunitario establezca o contrario”*, abriuse unha corrente doctrinal que entendía que se producira unha derogación tácita no art. 242.6 do TRLS do 1992. En calquera caso as STSS posteriores ó ano 1999 en ningún caso confirman esta corrente doctrinal e así ao respecto poderíamos citar a STS do 17/10/2007 que sinala o seguinte: *“non compartimos a tesis de que unha licenza urbanística incluso no caso de que o solicitado sexa disconforme co ordenamento xurídico co que deba confrontarse, deba entenderse outorgada o silencio administrativo polo simple feito de que transcurriera o prazo para resolver sobre ela, pois o art. 43.2 da lei 30/1992 se coida de advertir que a estimación por silencio o será salvo que unha norma con rango de lei ou norma de dereito comunitario estableza o contrario”*

a.3.- Neste sentido o art. 195.1 da LOUGA reproduce as previsións do art. 242.6 da lei do solo do ano 1992, ademais da xurisprudencia reiterada no Tribunal Supremo neste ámbito e a dos restantes Tribunais Superiores de Xustiza das distintas Comunidades Autónomas (salvo os de Valencia e Andalucía, que parecen apoiar a tese anterior).

a.4.- Por último o art. 8.1.b do TRLS 2008 reproduce practicamente as previsións tanto da LS do 1992 como da LOUGA ao dispoñer *“que en ningún caso poderán entenderse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística”*

a.5.- Así no caso concreto habería que comprobar se a solicitude de licenza definitiva realizada por D Daniel Franco Campaña en representación da empresa Montekalamúa S.A cumpre os requisitos para entender adquiridas esas facultades urbanísticas para o cal deberán terse en conta os seguintes elementos:

1- se están cumpridas as previsións do art. 38 do regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e peligrosas, para o cal de conformidade do informe técnico de data 29/11/2005 as mesmas non se poden entender totalmente cumpridas posto que no mesmo se fai referencia ás seguintes deficiencias, entre outras:

- Peche da parcela.
- Mástiles e a súa base.
- Acera e bordillos deteriorados.
- Aseos de persoal.
- Ventilación.
- Salida de emerxencia.
- Instalación de gas.

En calquera caso, trala visita de inspección técnica xirada en data de 20 de abril de 2009 se comprobou que dos defectos anteriores actualmente subsisten os seguintes:

- Peche da parcela.
- Mástiles e a súa base.
- Aceras e bordillos deteriorados.
- Aseos de persoal.

- Ventilación.
- Instalación de gas.

De xeito que soamente se procedeu á subsanación da saída de emerxencia.

A este respecto existe unha liña xurisprudencial que permite que cando nos atopemos ante un defecto mínimo, a licenza non sexa denegada por silencio administrativo e así poderíamos mencionar as seguintes STSS:

STS 20/01/1998 “ *Solo pode invocarse incumplimento das normas urbanísticas como modo de non facelos efectivos (efectos do silencio administrativo) cando o cumprimento fora patente ou claro, mais non cando eso deriva dunha interpretación excesivamente rigorosa da norma, e máxime cando en supostos similares a licenza sexa outorgada*”.

STS 09/03/1985 “ *a disconformidade coa ordenación capaz de evitar o xogo da técnica de silencio parezca que deba ser tan só a que suponía unha infracción significativa de determinacións sustantivas, e mais concretamente, esa disconformidade deberá identificarse coa que implique unha infracción urbanística grave*”

Non obstante no caso concreto considero que a subsistencia de defectos non se podería calificar como intrascendente, salvo no seu caso os referentes ó punto 1.1 do informe técnico de data 22 de abril do 2009, concretamente os referidos ó retranqueo do peche, posto que o mesmo se retranqueou máis do debido de xeito que non coincide co previsto no proxecto técnico, pero ó afectar soamente ós terreos privados do particular en ningún caso afecta ó interese público, polo cal o considero como un defecto intrascendente. Podería entenderse tamén como intrascendente (salvo mellor criterio da Administración competente) o punto 1.7 do informe técnico no que se fai referencia a que o conduto de ventilación debía ter tela mosquitera e na visita de comprobación apreciouuse que se montou unha tela antipaxaros e roedores.

A intrascendencia destes defectos ven dada pola ampla normativa xurisprudencial relativa ó principio de proporcionalidade de outorgamento de licencias urbanísticas que tamén considero aplicable ó caso concreto.

Os outros defectos ós que fai referencia o informe técnico entre eles o punto 1.9 sobre instalación de gas ou a auga quente e a ventilación sí os considero como intrascendentes polo cal antes de proceder ó outorgamento da licenza de primeira ocupación deberían ser subsanados.

B.- RESPECTO DOS REQUISITOS FORMAIS DO SILENCIO ADMINISTRATIVO debemos ter en conta dúas normas fundamentais, como son os art. 43 e seguintes da Lei 30/92 de procedemento administrativo común e por outra banda o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (norma aplicable ó caso concreto en base á disposición transitoria única do decreto 133/2008 de avaliación de impacto ambiental), normas que establecen prazos diferentes para a aplicación do silencio administrativo, así o art. 43 da Lei 30/92 establece un prazo de 3 meses para entender adquiridas por silencio administrativo as solicitudes dos particulares, mentres que o art. 33.4º do RAMINP establece un prazo total de 6 meses, sendo necesario unha vez que transcurren os primeiros 4 meses que o particular denuncie a mora e unha vez denunciada esta pasados 2 meses mais se entendería o silencio como positivo. En calquera caso, como manifesta a STS do 21 de abril do 1990 e xurisprudencia reiterada para que se poda solicitar o silencio administrativo, necesariamente debeu existir unha calificación previa da actividade polo órgano competente, actuación acreditada no expediente.

O problema é determinar cal é o prazo aplicable ó silencio administrativo en actividades clasificadas respecto do cal existen diferentes teorías:

1º- A Lei 30/92 é lexislación básica e polo tanto de obrigado cumprimento para toda-las administracións públicas, ademais de ter rango legal fronte á norma reglamentaria e ser norma posterior.

2º- Entender que a regulación do RAMINP é lexislación máis específica e que polo tanto non entra en contradición coa Lei 30/92, senon que regula un ámbito de actuación distinto polo cal non ten por qué existir ningún tipo de contradición, postura defendida entre outros polo TSX de Madrid.

3º- Entender que é posible unha aplicación integrativa de ambas normas de xeito que o prazo de 3 meses da Lei 30/92 se vería ampliado a 6 meses sen necesidade de efectuar ningún tipo de denuncia demora.

Considero que a postura máis adecuada sería entender de aplicación o art. 43 da Lei 30/92 posto que é lexislación básica posterior de superior rango e en ningún sector da actividade administrativa existe unha figura como a

chamada denuncia demora, que ademáis conduciría a que a inactividade e ineficacia da administración se vise respaldada pola necesidade de que un particular realizase unha solicitude determinada para adquirir un dereito, o cal sería inxusto se temos en conta que na institución do silencio administrativo da Lei 30/92 se prima ó particular cun silencio administrativo positivo recoñecido de modo automático exlege posto que no caso contrario se estaría premiando esta inactividade da administración.

CONCLUSIÓNS

Informase desfavorablemente o outorgamento da licenza de primeira ocupación en tanto non se proceda á subsanación das deficiencias recollidas no informe técnico de data 22 de abril do 2009, salvo as recollidas no punto 1.1, e 1.7, que poderían entenderse como defectos intrascendentes.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de apertura e entrada en funcionamento a **Don Javier Veitia Urizar en representación de Montekalamua S.A**, dunha actividade para planta de manipulación de pescado conxelado e elaboración de precociñados no Parque empresarial de Rivadavia c/ nº1 e 4 cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de **1.180,65 euros**.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

3.- EXPEDIENTE 01/02/2008/880-L/48 DE PROMOCIONES BOPORTE S.L

“Visto o escrito de Don Juan Carlos González Loeda en representación da empresa Promociones Boporte s.l., onde solicita Licenza de primeira ocupación.

Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 02 de febreiro do 2009 no que se fan as seguintes consideracións:

1. Examinado el presente expediente administrativo de tramite de “LICENCIA DE PRIMERA OCUPACIÓN” y con la siguiente identificación.
 - 1.1. Ubicación que corresponde al plano de situacion firmado por el Arquitecto Superior Don Ramón P. Quiroga Alvarez de fecha septiembre 2007 a escala 1:250 y con visado colegial de 28 de fechero de 2008.
 - 1.2. Se denomina “PARCELA 1” y su origen corresponde a la parcelacion correspondiente de la finca matriz y según licencia otorgada en su día.
 - 1.3. La finca se señala con el nº 34 de la Carretera de Francelos.
2. Informes Tecnicos:
 - 1º Informe 06/02/2008.
 - 2º Informe 21/04/2008.
 - 3º Informe 17/06/2008.
 - 4º Informe 07/07/2008.
 - 5º Informe 15/09/2008.

3. Falta comprobar la instalación del Baculo de alumbrado público, pero girada visita al lugar, el día 29 de enero de 2009, en compañía del Arquitecto Técnico director de ejecución de la obra, compruebo que esta instalado, indicándome que la conexión eléctrica fue realizada por personal del Concello.
4. Pongo de manifiesto y estamos en plazo para hacerlo, que la acera frontal, tanto el tramo correspondiente al presente edificio situado en la “Parcela 1”, como la que corresponde a la segunda fase o “Parcela 2”. Que la línea rasante y plano no podrá presentar badenes en las entradas a las plantas de los garajes comunitarios a excepción del correspondiente al rebaje de bordillo y en la longitud de dichas entradas, se deberán modificar consecuentemente según este criterio y que es el que corresponde al proyecto aprobado.

Visto o Informe Xurídico de data 02.02.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓN XURIDICAS

1ª.- O art. 194 parágrafo 2º da Lei 9/2002 somete a previa licenza municipal a primeira utilización dos edificios confirmando así a previsión do art. 10 do Decreto 28/99 de Disciplina urbanística de Galicia.

2ª.- De xeito semellante, pronúnciase o art. 9 (“a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente. Así mesmo, para a concesión de licenzas verificarase se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade”) e art. 10 (“están suxeitos a previa licenza, sen perxuízo das autorizacións, licenzas ou concesións que foran procedentes con arranxo á lexislación específica aplicable, os seguintes actos: (...) 8. A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral”) do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, Decreto da Xunta de Galicia, do 17 de febreiro de 1999.

En liña con esta normativa autonómica, no ámbito local, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto do 17 de xuño de 1955, no art. 21.1, establece que: “Estarán suxeitas a previa licenza (...) a primeira utilización dos edificios e modificación obxectiva do uso dos mesmos (...)”.

3ª.- O art. 195.6 establece que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións se esixirá certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada ea previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

4ª.- A este respecto debe terse en conta o establecido nos artigos 20, 21, 22 da Lei 18/2008 polo que se aproba a Lei de Vivenda de Galicia que establece o seguinte:

“Artigo 20. Licenza de primeira ocupación:

1. A licenza de primeira ocupación é o acto administrativo que acredita que o edificio ou vivenda cumpre os requisitos esixidos para ser destinado a uso residencial, especialmente que a obra está completamente executada e se axusta á licenza urbanística outorgada.

2. Unha vez concluídas as obras de execución do edificio ou vivenda, e previa recepción, o axente promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, acompañando a súa solicitude a certificación final de obra e a acta de recepción, si se houbera outorgado expresamente, ou a acreditación da recepción tácita.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, haberá de resolver expresamente a solicitude e notificar á persoa interesada a resolución no prazo máximo de dous meses, a contar a partir da data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Unha vez transcurrido dito prazo sen que recaiga resolución expresa, a licenza de primeira ocupación entenderase concedida por silencio administrativo.

En ningún caso entenderanse outorgadas por silencio as licenzas de primeira ocupación en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico.

4. Na resolución da licenza de primeira ocupación farase constar a data da acta de recepción da obra executada ou, no seu caso, a de recepción tácita.

5. As administracións autonómica e municipais pondrán en funcionamento un sistema de información que permita conocer os datos de ocupación das vivendas, a fin de manter actualizado o seguimento do parque autonómico.

Artigo 21. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do suministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

Artigo 22. Declaración de obra nova.

As notarias e notarios e as rexistradoras e rexistradores da propiedade esixirán para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova terminada que se acredite o outorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final da obra e o outorgamento, expreso ou por silencio administrativo, da licenza de primeira ocupación.”

5ª.- Así mesmo non debe olvidarse que a licenza de primeira ocupación non se poderá outorgar nin parcial nin condicionadamente e a este respecto poderíamos mencionar as SSTS do 25 de novembro do 1997 e do 23 de xuño do 1998.

6ª.- Así mesmo é convinte establecer a diferenza entre a licenza de apertura e a licenza de primeira ocupación e así como sinala o art. 21.2 d) do RSCL a licenza de primeira ocupación está encamiñada a comprobar se o edificio pode destinarse a un determinado uso por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade e salubridade e, no seu caso, se o constructor cumpriu o compromiso de realizar simultaneamente a urbanización.

É dicir, a licenza de primeira ocupación non ten sustantividade propia e está vinculada á existencia de edificación e encamiñada a acreditar o cumprimento das condicións impostas na licenza de obras. Así, a sentenza do Tribunal Supremo de 18.07.97 (A Lei 1997,9129) sinala que:

“A licenza de primeira ocupación dun edificio é unha autorización administrativa necesaria, que ten por finalidade contrastar si se respetaron na realidade a licenza de construción, comprobando si se cumpriron ou non as condicións establecidas en dita licenza e controlando se o edificio reúne as condicións idóneas de seguridade e salubridade e pode habilitarse para o uso a que se destina”

Ademáis, como dicen González mariñas e Álvarez Barbeito, ambas licenzas teñen obxectos diferentes que implican a súa necesaria diferenciación. Cítanse así as sentenzas do TSX de Galicia de 19.02 e 10.04.1991 según as que:

“A licenza de primeira ocupación, como fixo notar esta Sala noutras ocasións, non solo sirve o establecemento das condicións de uso e utilización da edificación construída, senon que igualmente ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto e tamen si se cumpriron as condicións lícitas no seu caso establecidas na licenza base da edificación, xa que si existe adecuación non pode denegarse a licenza de primeira ocupación, esixible nos términos dos art. 178 do TRLS 76 e 1.10 do RGU”.

“ Como xa indicou esta Sala na sentenza de 05.03.1991, a licenza municipal, de apertura concretase nun acto de control preventivo que recae esencialmente sobre a actividade...e sobre as condicións nas que se desenvolve aquela a tenor da normativa sobre protección de medio ambiente e calidade de vida”

Ou, en conclusión, como sinala a STS de 02.10.1999 (Actualidade Administrativa, 2000,118):

“A licenza de primeira ocupación de edificios e instalacións, que en ningún modo ponde se confundida nin equiparada coa licenza de apertura, ven esixida como de obtención necesaria no art. 21.1 do RSCL, non menos que no art. 10 do RDU.

A finalidade de dita licenza, explicitada de modo xenérico no primeiro parágrafo do art. 21.2 do referido RSCL, é confrontar a obra- edificio ou instalación-realizada con proxecto que serviu de soporte a licenza outorgada no seu día, e non seu caso, se efectivamente se cumpriron as condicións lícitas establecidas sen a licenza de obra.

Mediante a licenza de primeira ocupación, de natureza estrictamente reglada, comprobase o efectivo cumprimento da licenza de obras, que obviamente debe existir, xa que o confrontar a execución da obra con proxecto que serviu de base ao outorgamento da licenza, constitue o contido da actividade de control realizada”

7ª.- Respecto do informe técnico procura pois, máximas de experiencia ao xulgador ou xurídico; verbigratia, se nun proceso foi probada a existencia de fisuras na construción dun edificio, o xulgador ou xurídico necesita que o perito lle dea máximas de experiencia, é dicir, os coñecementos técnicos para que aquel poida dilucidar a incidencia desas fisuras na ruina da edificación, porque a decisión depende do saber especializado (por todas, voces doutriniais solventes no noso ordeamento xurídico como as de Cortés Domínguez, García de Enterría, Tomás Ramón Fernández, Lisardo Fernández, Gimeno Sendra, Moreno Catena, Almagro Nosete, etc).

Un informe pericial, a maior abastanza, debe especificar, no seu caso, se cada anomalía detectada é ou non legalizable, e no caso das ilegalizables ou eventualmente ilegalizadas, se se trata de simples desaxustes ordinarios, ou pola contra, se se aloxan da poquidade técnica na procura dun propósito de maior lucro/aproveitamento/beneficio para os responsables (art.3.a) , 54.1.c, 107 a 109 e 113.11.c do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro en relación co art. 175.c do R.O.F.).

O antedito trascende, porque o Tribunal Supremo ten afirmado que, a aplicación do principio de proporcionalidade na disciplina administrativo-urbanística esixe que se teña producido unha desviación de escasa entidade entre o proxectado e o construído de forma que a eventual demolición que se levase a cabo pugnara con principios de xustiza material dados os efectos negativos que se producirían sobre o conxunto da obra realizada (st. TS 21.06.94 RJ 5338) esta liña xurisprudencial mantense na actualidade por exemplo, na st T.S. 23.05.06 ao suliñar que o estudado principio impide acordar a demolición cando se trate de desaxustes insignificantes.

Así, do informe técnico se deduciría a non poquedade técnica dos defectos observados.

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos expostos infórmase desfavorablemente ó outorgamento da licenza solicitada en tanto non se proceda á subsanación das deficiencias que figuran no informe técnico e que foron obxecto de notificación ó particular con data de 23 de febreiro do 2009.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgar a licenza de primeira ocupación a don Juan Carlos González Loeda en representación de Promociones Boporte S.L para a actuación solicitada.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Consellería de Cultura e Deporte de data de entrada no Concello de 27 de abril de 2009 e nº RE 2783, no que se comunica a solicitude da ampliación da documentación para a realización de obras na Igrexa Parroquial da Oliveira.

2º.- Escrito do Xuzgado do Contencioso Administrativo de data de entrada no Concello de 29 de abril do 2009 e nº RE 2837, no que se remite testimonio da Sentenza e Auto dictados polo xuzgado, en unión co expediente administrativo.

3º.- Escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data de entrada no Concello de 29 de abril do 2009 e nº RE 2836, no que se informa o fallo desestimatorio de Don José Ramon Pazos Cruz, demandando entre outras Administracións ó Concello de Ribadavia.

4º.- Escrito do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio rural e Mariño, con data de entrada no Concello de 29 de abril de 2009 e nº RE 2828, referente ó expediente sancionador incoado contra Aquialia, Xestión integral da auga, S.A. e o Concello de Ribadavia, no que prescribiu a infracción cometida.

5º.- Escrito da Consellería de Medio Rural, con data de entrada no concello de 29 de abril de 2009 e nº RE 2831, relativo ó Camiño agrario As Bouzas, deterioro camiño Cabonavarro en Francelos, no que a consellería da orden á empresa TRAGSA para reparar os danos.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1.- “ORDE DO 1 DE ABRIL DE 2009 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DE GALICIA E AS SUAS ENTIDADES PUBLICAS CON PERSONALIDADE XURIDICA PROPIA PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DE INSTALACIONES TECNICAS DOS ESPAZOS ESCENICOS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES CULTURAIAS.

“Vista a Orde de 1 de Abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a Concellos de Galicia e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais, publicada no DOGA nº 68, de 8 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais, prestando aprobación a memoria e orzamento desagregado do proxecto, de acordo co artigo 4.2. da Orde.

Segundo.- Comprometerse a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.

Terceiro.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 4 da mesma.”

2.- “ORDE DO 18 DE MARZO DE 2009 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA OS CONCELLOS DE GALICIA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES E AS SUAS ENTIDADES PUBLICAS CON PERSONALIDADE XURIDICA PROPIA PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES CULTURAIAS.

“Vista a Orde de 18 de Marzo de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para os concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais, publicada no DOGA nº 68, de 8 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a realización de actividades culturais, prestando aprobación a memoria e orzamento desagregado do proxecto de acordo co artigo 4.2. da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 4 da mesma.”

3.- APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE POLICIA LOCAL.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 30.04.09 relativa a aprobación dunhas bases para o ingreso na escala da Administración Especial, subescala servizos especiais, clase Policía Local, de conformidade coa Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais, en relación co decreto 243/2008 de desenvolvemento do anterior.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Informe xurídico de data 30.04.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONCLUSIÓNS

Informase favorablemente a aprobación das bases da selección para persoal laboral fixo para cubrir unha praza de Policía Local, escala na Administración especial, subescala servicios especiais.

Consta informe de intervención de data 04 de maio de 2009, no que se fan as seguintes consideracións:

PRIMEIRO: Que no Presuposto Xeral aprobado para o exercicio 2009 polo Concello de Ribadavia, nas partidas presupostarias 120.00 22 e 121.00 432, existe consignación suficiente para autorizar o gasto obxecto da contratación.

Constan bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 30.04.2009

BASES PARA SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE TRABALLADOR LABORAL FIXO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE POLICIA LOCAL, ESCALA NA ADMINISTRATION ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS.

1.- Denominación e clasificación da praza.

Policía Local. Pertencente ao cadro de persoal de postos de traballo reservados a funcionarios de carreira, Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, clase Policía Local.

Grupo C1, segundo o sinalado no artigo 24 da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación de Policías Locais de Galicia e 76 en relación coa Disposición Transitoria 3.^a da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto do empregado público.

2.- Número de prazas que se convocan.

Unha.

3.- Sistema de selección.

Concurso-oposición restrinxida con dispensa de requisitos de idade e estatura.

4.- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos á realización destas probas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a. Ser cidadán español.

b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

c. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario, e para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

d. Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e. Estar en posesión do título de Bacharelato, técnico superior de formación profesional, ou curso ofertado pola resolución 21 de decembro do 2007 para a dispensa dun grao na titulación (Bacharel) segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 4/2007 de 20 de abril de coordinación de Policías Locais de Galicia.

f. Ter a condición de auxiliar da Policía Local, cunha antigüidade mínima de tres anos continuados no Concello de Ribadavia, no momento de presentación das instancias, e que no momento da entrada en vigor da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación de Policías Locais de Galicia, estiveran prestando servizos de auxiliar de Policía Local no Concello de Ribadava.

g. Ser titular dos permisos de conducir das clases A, B e BTP na data en que remate o prazo de presentación de instancias, comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permaneza en servizo activo.

h. Xunto coa solicitude de presentación, achegarase igualmente unha declaración xurada do compromiso de portar armas e, se é caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

i. Achegarase un certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da fase de oposición, o que non excluíra as omprobacións posteriores do que reflecta o certificado médico.

5.- Presentación de instancias e documentación.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ó Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, acompañando a seguinte documentación:

a) Fotocopia DNI compulsada.

b) Os aspirantes deberán achegar inescusablemente coa instancia unha relación dos méritos que aleguen, e os documentos acreditativos ou fotocopias compulsadas de todos e cada un dos méritos alegados que sexan puntuables segundo as bases.

c) Declaración de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria para o posto de traballo ao que aspira.

O prazo de presentación de instancias é o de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio na convocatoria no Boletín Oficial do Estado, previa publicación do texto íntegro da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.- Admisión dos aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias ou solicitudes e trala súa revisión e polos servizos administrativos do Concello, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso dos motivos de exclusión.

Daráselle publicidade a dita lista, mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para subsanar os defectos a que alude o artigo 71

da Lei 30/1992 que motivaron a súa exclusión. Unha vez transcorrido dito prazo, o Sr. Alcalde-Presidente ditará resolución definitiva, que levará implícita a estimación ou desestimación das solicitudes de subsanación, e que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos, os aspirantes interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación definitiva da mesma.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoque. Cando da documentación que debe presentarse no caso de superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en tódolos dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

7.- Tribunal cualificador.

Os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado serán nomeados polo Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia mediante Resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

A composición do tribunal axustarase ao establecido no artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policía Local de Galicia, no que non se opoña ao establecido no artigo 60 da lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

A súa composición será a seguinte:

Presidente: un funcionario do Concello de Ribadavia.

Secretario: un funcionario do Concello de Ribadavia.

Tres vogais con coñecementos técnicos designados polo alcalde.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da maioría absoluta dos seus compoñentes, sexan titulares ou suplentes, indistintamente.

Todos os vogais deberán ter titulación igual ou superior ás das prazas que se convocan.

Para os efectos de asistencia, os compoñentes do tribunal que actúen nestas probas terán a categoría segunda, de conformidade co que dispón o artigo 30 do RD 462/2002, de 24 de maio, modificado pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005, de 1 de decembro (BOE n.º 289, de 3 de decembro de 2005).

8.- Probas selectivas.

Fase de concurso.

Os méritos que se acrediten serán valorados segundo a táboa que segue, ata un total de 20 puntos, que corresponden á suma dos máximos de cada epígrafe.

Descrición dos méritos para a fase de concurso Epígrafe; descrición; valoración parcial (en puntos); valoración máxima por epígrafe

Titulacións académicas

Doutor, licenciado ou equivalente: 2 puntos

Diplomado universitario ou equivalente: 1,5 puntos

Bacharel ou equivalente: 1 punto

Graduado escolar ou equivalente: 0,5 puntos

Valoración máxima deste epígrafe: 2 puntos

Cursos de formación de 20 ou máis horas:

Máis de 10 cursos: 4 puntos

Entre 7 e 10 cursos: 3 puntos

Entre 4 e 7 cursos: 2 puntos

Entre 1 e 4 cursos: 1 punto

Valoración máxima deste epígrafe: 4 puntos

Antigüidade no posto (anos de servizo)

Máis de 6 anos: 14 puntos

Entre 5 e 6 anos: 12 puntos

Entre 4 e 5 anos: 10 puntos

Ata 4 anos: 8 puntos

Valoración máxima deste epígrafe: 14 puntos.

Puntuación máxima total: 20 puntos.

Fase de oposición.

Esta fase constará das seguintes probas:

1. Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas

1.1, 1.4 e 1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas 1.2 e 1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo e grupos de idade: de 18 a 36 anos, de 37 a 48, e de 49 ou máis anos. O/a aspirante estará incluído no grupo de idade correspondente, tendo en conta a súa idade o día da realización das probas. As probas realizaranse de forma individual, agás as de resistencia

xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de «apto».

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba que se vai executar.

En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, e poderá realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba por tramos de idade son:

18-36 anos; 37-48 anos; 40 anos ou máis Homes; 7,40"; 9,5"; 10,00"

Mulleres: 8,20"; 10,5"; 11,00"

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo de flexións esixibles son: 18-36 anos; 37-48 anos; 40 anos ou máis 10; 6; 4

A.1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrado/a coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

Os tempos mínimos (en segundos) esixidos para a superación da probas por tramos de idade son:

18-36 anos; 37-48 anos; 40 anos ou máis 52"; 42"; 35"

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pes separados, paralelos entre si e á mesma altura.

Realizará un salto horizontal caendo cos dous pes ao chan.

Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas (en centímetros) esixidas para a superación da proba por tramos de idade son:

18-36 anos; 37-48 anos; 40 anos ou máis

Homes; 210 cm; 195 cm; 185 cm

Mulleres: 185 cm; 170 cm; 160 cm"

A.1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba por tramos de idade son:

18-36 anos; 37-48 anos; 40 anos ou máis

Homes; 3,30"; 3,50"; 4,30"

Mulleres: 4,10"; 4,30"; 5,00"

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación das probas por tramos de idade son:

18-36 anos; 37-48 anos; 40 anos ou máis

Homes; 24"; 36"; 40"

Mulleres: 28"; 42"; 46"

2. Proba de avaliación de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a preparación intelectual deles/as e o dominio dos contidos do temario que se inclúe a continuación.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, será preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/10.$$

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas;

F= preguntas erradas ou non respondidas.

Temario

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A

tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.
9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións Administrativas.
17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.
18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
21. A Lei de emerxencias de Galicia.
22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
26. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de hábeas corpus.
29. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.
37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.
39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.
3. Probas psicotécnicas. Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes

persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

3.1. Test de intelixencia e de avaliación doutras aptitudes.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista. A cualificación será de apto/non apto.

A.3.1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

A.3.2. Proba de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste modo, aparte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

A.4. Proba de recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercizo das funcións policiais propias do posto de traballo. Cualificarase como apto/non apto. Aos efectos da exclusión do/a aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercizo das funcións propias do cargo. Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial, que a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercizo das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

A.5. Proba de coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo á proba ou probas que consideren máis adecuada/s.

Esta proba será eliminativa e cualificarase de cero a tres puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de un con cinco puntos como mínimo para superala.

Puntuación final dos aspirantes.

Rematada a fase de oposición, a cada aspirante que a superase outorgaráselle a puntuación total acadada nesta fase, que será a suma das cualificacións obtidas na proba de coñecementos (referida ao temario) e na de coñecemento da lingua galega, que como máximo será de 13 puntos totais.

Tendo en conta que, por tratarse dun concurso oposición, a nota final do procedemento selectivo se deberá obter ponderando a puntuación obtida en cada unha das partes, correspondéndolle un 40% da dita nota á fase de concurso e un 60% á de oposición, a determinación desa nota final será a suma das notas parciais ponderadas do seguinte xeito:

- Fase de concurso: á puntuación máxima (20 puntos) corresponderalle a nota ponderada máxima, que é de 4 puntos. Para a determinación da nota ponderada de cada aspirante aplicarase a regra de tres simple, cun máximo de 3 decimais sen redondeo.

- Fase de oposición: á puntuación máxima (13 puntos), corresponderalle a nota ponderada máxima, que é de 6 puntos. Para a determinación da nota ponderada de cada aspirante aplicarase a regra de tres simple, cun máximo de 3 decimais sen redondeo.

Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, elaborarase unha listaxe destes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados aqueles que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

9. Curso de formación e nomeamento.

Os aspirantes aprobados nas fases de concurso-oposición, serán nomeados funcionarios en prácticas e realizarán o curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública na primeira convocatoria que esta faga do citado curso.

Ata a superación do devandito curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública, percibirán as retribucións inherentes ós funcionarios en prácticas previstas no artigo 26 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público.

O nomeamento como funcionarios de carreira producirase logo de superar o curso de formación citado.

10.- norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven, ou da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ribadavia, 30 de abril de 2009. O alcalde.

Asdo.: Marcos Blanco Jorge.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral fixo para cubrir unha praza de policía local.

4.- APROBACIÓN DE BASES DE CONTRATACIÓN A UN AUXILIAR DE POLICIA LOCAL.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 30.04.09 relativa a aprobación dunhas bases para a contratación dun auxiliar da Policía Local, No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Informe xurídico de data 30.04.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONCLUSIONES

Informase favorablemente a aprobación das bases da selección para persoal laboral temporal para cubrir unha praza de auxiliar da Policía Local.

Constan bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 30.04.2009

B A S E S

1.- **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a un Auxiliar Temporal da Policía Local, para a temporada estival.

2.- **DURACIÓN:** 3 meses.

3.- **CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**- Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate do prazo de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) Ser español.

b) Ter cumpridos 16 anos.

c) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, FP 1º Grao, Graduado en Educación Secundaria 1º Ciclo de ESO ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias e conservalos alo menos ata a data do seu nomeamento.

d) Achegarase un certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das tarefas de Policía Local.

e) Ter superado o curso básico para Auxiliares de Policía Local expedido pola Academia Galega de Seguridade.

f) Que non fora ou estea separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Local ou doutras Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- As instancias dirixiranse ó Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello ata as 13 horas do quinto día hábil posterior á publicación do presente anuncio en dous diarios de gran difusión.

Para seren admitidos a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañarase compulsadas:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Fotocopia do título de requerido.
- c) Fotocopia do Diploma acreditativo de ter superado o curso básico para Auxiliares de Policía Local expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública..
- d) Certificado médico no que se faga constar a aptitude do aspirante para realizar funcións de Policía Local.

A lista de admitidos ás probas publicarase no Taboleiro de Anuncios Municipal ao día seguinte do remate do prazo de presentación de solicitudes a partires das 13 horas. Será causa de exclusión a non presentación da documentación preceptiva do apartado 4 das presentes bases. Os aspirantes excluídos, poderán no prazo de 1 día, subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que fora motivo da exclusión.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polos seguintes membros:

Presidente: un funcionario do concello de Ribadavia.

Secretario: un funcionario do Concello de Ribadavia

Tres vocais con coñecementos técnicos designados polo alcalde:

Por cada membro do tribunal nombrarase un suplente.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sin a presenza, cando menos, da maioría absoluta dos seus compoñentes, sean titulares ou suplentes, indistintamente.

Todos os vocais deberán ter titulación igual o superior á das plazas que se convocan.

6.- EJERCIZOS OBRIGATORIOS.- Os interesados presentaranse o terceiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de solicitudes, ás 10 horas, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, ós efectos de levar a cabo unha proba que constará de 2 partes distribuída do seguinte xeito: unha parte física e outra relativa a coñecementos teóricos.

1.- Proba física:

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan

ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

18-36 anos 37-48 anos 49 anos ou máis

Homes 41 cm 33 cm 29 cm

Mulleres 32 cm 28 cm 25 cm

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado.

A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

18-36 anos 37-45 anos 46 anos ou máis

Homes 4,30' 5,00' 5,15'

Mulleres 5,00' 5,30' 5,45'

2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N = nota final da proba; A = preguntas acertadas; F = preguntas erradas ou non respostadas.

3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

B.Temario.

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno

Local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario:

disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da policía local como policía administrativa

I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da policía local como policía administrativa

II: urbanismo. Infraccións e sancións. A

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade: protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables:

autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

C. Curso de formación.

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematados os exercizos obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que consiga maior puntuación será proposta ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis de unha persoa por praza convocada.

8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente.

9.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Ribadavia, 30 de abril de 2009
O ALCALDE,

Asdo. Marcos Blanco Jorge

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder a aprobación e convocatoria das Bases de contratación de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de auxiliar da policía local, por prazo de 3 meses condicionado á obtención da subvención por parte da Consellería competente.

5.- CAMBIO TITULARIDADE SEPULTURA

“Visto o escrito de **don Celso Gonzalez Fernandez**, con domicilio en Avda. Redondela nº21 5ºB Ribadavia, no que solicita que a sepultura de Don Aquilino Gonzalez Macias, titular do dereito funerario sobre a sepultura no momento actual, como se desprende da información dos arquivos municipais, se poña a nome da comunidade de herdeiros de Don Aquilino Gonzalez Maquias, liquidándolle á mesma as taxas que correspondan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada, acorda acceder ao solicitado, polo que a partir de presente data o recibo correspondente á sepultura xirarase a nome de Don Celso Gonzalez Fernández”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO